

A cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia: avances e retos

Fabiola Sotelo Sotelo

O 24 de abril de 2006, e de conformidade co establecido na Lei 3/2003, de 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, foi aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia o I Plan Director de Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2006-2009⁽¹⁾.

A rápida aprobación do Plan supuxo un esforzo importante e a implicación e opinión e esforzo dos axentes da cooperación galega que participaron na súa elaboración. Supuxo tamén a expresión máis nidia do compromiso do novo goberno galego por considerar á cooperación internacional galega como unha política pública máis, debendo, xa que logo, estar dotada de estratexia, compromiso orzamentario estable e dirección política.

A creación en 2005 da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, como departamento encargado na Xunta de Galicia de dirixir e coordinar todas as actuacións na materia, implicou dotar por primeira vez á cooperación oficial galega de “cabeza política”, tanto para o pulo, como para a asunción de responsabilidades en canto os resultados da execución da política galega de cooperación.

No apartado 2.7, o Plan Director fai unha enumeración das principais, e non menores, debilidades que o sector galego de cooperación compartía e diagnosticaba, e as cales o Plan debería ter comezado a dar resposta no intre de cumprirse o terceiro ano de implantación do mesmo:

- **Xuventude.**

Galicia realiza actividades de cooperación internacional de xeito regulado e sistemático dende 1994. Trátase, polo tanto, dun sistema relativamente novo, cun limitado percorrido e experiencia.

- **Limitada vocación doutrinal e estratéxica.**

- **Limitada dimensión e elevada dispersión de recursos.**

- **Imprecisa utilización da dotación instrumental.**

- **Capacidade limitada do sector para completar o ciclo de proxectos en Galicia.**

A debilidade do sector vén provocada tamén porque son poucas aquelas organizacións que, independentemente de que teñan ou non o seu enderezo social en Galicia, realizan o proceso completo do ciclo do proxecto na nosa Comunidade facendo todas as súas fases: identificación, xestión, seguimento, avaliación, etc. Este

(1) O Plan Director, Plans Anuais, Memorias, detalle de proxectos financiados, documentos de estratexia, etc, poden ser consultados en <http://www.cooperaciongalega.org/>.

feito dificulta a creación dun tecido de cooperación integral en Galicia, que permita retroalimentarse, mellorar en calidade e eficiencia e medrar no impacto.

- **Limitada capacidade de integración de actores.**
- **Dotación limitada de recursos humanos e técnicos da Administración.**

Esta diagnose poñía de manifesto o enorme retardo que a cooperación galega e os seus axentes, en fortaleza, estrutura ou capacidade, tiñan respecto a outras comunidades do Estado, así como a necesidade e o reto dun pulo radical e intenso, obrigando a deseñar un Plan que recollera e organizara o esforzo preciso e imprescindible para dignificar unha política pública ata ese intre practicamente inexistente como tal.

Froito destas necesidades e da urxencia da súa resolución, e como non podía ser doutro xeito, o I Plan Director supón unha estratexia integral e sobre todo ambiciosa. Xa dende a súa definición de misión⁽²⁾ e nos seus criterios e principios nos que a loita contra as causas, o dereito ao desenvolvemento, a esixencia da xestión por resultados ou a austeridade aparecen indicados a cotío. Pero, especialmente na súa concreción en 7 obxectivos xerais, 39 obxectivos específicos, a definición de países e sectores prioritarios ou os máis de 20 compromisos específicos de mellora nas convocatorias viventes daquela.

A extrema ambición do Plan, asumida por todos os axentes galegos de cooperación e especialmente polo goberno galego como principal responsable da súa implantación, obrigou a unha aceleración e esforzo notables no desenvolvemento de accións e iniciativas. Esta “hiperactividade” define os tres primeiros anos de vixencia do Plan e obriga a un primeiro exercicio de autocrítica sobre a consciencia da carga de traballo e esforzo que ía supor para todos os axentes, o desenvolvemento do Plan cando se aprobou e debería servir de aprendizaxe para un II Plan máis maduro e consciente das fortalezas e debilidades coas que conta o sector galego de cooperación.

Nembargantes, non sería posible entender a xustificación das accións realizadas nin a velocidade de implantación dos obxectivos do Plan so cunha mera interpretación da súa filosofía de austeridade e ambición, sen ter en conta catro aspectos que debeñen da posta en marcha do propio Plan e que están interrelacionados.

Presenza en terreo

Dende o primeiro intre de implantación do Plan, a Dirección Xeral de Cooperación Exterior non concibiu unha cooperación feita dende un despacho, senón sempre en contacto coas persoas beneficiarias dos proxectos e programas financiados, así como coas entidades públicas e privadas e axentes cos que se traballa, co

(2) “Mediante a cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega pon á disposición dos pobos máis pobres do planeta a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos; sumándose aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas, promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento integral, humano e sostible”.

convencemento de que non era e non é factible asegurar á sociedade galega o bo uso dos fondos públicos dedicados á solidariedade internacional sen unha presenza e un seguimento continuo do traballo en terreo.

Con este fin e mantendo a filosofía de austeridade e eficiencia que se quixo ter dende o comezo, so nos dous primeiros anos de xestión visitáronse 83 proxectos financiados e mantivéronse máis de 160 entrevistas con autoridades de gobernos estatais, rexionais ou locais, embaixadas, axencias de cooperación, organizacións sociais, institucións relixiosas, universidades, etc.

Froito desta presenza no terreo, ademais de dar a coñecer a cooperación galega nos países visitados onde ata daquela era practicamente descoñecida e de identificar múltiples posibilidades de colaboración, púidose comprobar a dignidade e o esforzo de homes e mulleres mal chamados beneficiarios, de institucións, dentro das que a Axencia Española para a Cooperación Internacional e o Desenvolvemento (AECID) e o seu cambio cultural e organizativo para asumir a cooperación descentralizada merecen en moitos casos un recoñecemento específico, como de galegos e galegas que dende a súa responsabilidade e honestidade traballan por mellorar a calidade da axuda.

Pero, xunto a esta realidade de proxectos de cooperación con diferente graos de éxito ante circunstancias sociais, políticas e económicas de extrema complexidade, este coñecemento do terreo permitiu tamén constatar, con amargura en moitas ocasións e con indignación continua, que males da cooperación por todos os actores coñecidos, identificados e estudados ata a sociedade, son unha realidade non resolta e ata comunmente admitida como case inevitable: escasa implicación da poboación beneficiaria e das institucións públicas, ineficiencia e custes desproporcionados de transacción e actuación, defectuosa coordinación entre actores, xestión non orientada a resultados, confusión de medios con fins, etcétera.

Ante esta disociación case extrema entre un discurso teórico expresado en múltiples documentos tais como a Declaración de París, e a realidade da súa escasa implantación en terreo, optouse por unha chamada constante e urxente á autocrítica a todos os actores e institucións cos que se traballa, tomándonos en serio con algún a súa petición de deixar de ser anxos. Unha chamada quizais desproporcionada no xeito nalgún intre pero imprescindible.

Optouse tamén por impulsar e facer efectivos principios clásicos da cooperación: apropiación, aliñamento, harmonización e minimización de custos, xestión orientada a resultados ou responsabilidade mutua. O incremento da ponderación nas convocatorias de conceptos como a implicación de beneficiarios ou institucións públicas locais, a optimización de recursos e custes de transacción⁽³⁾ que só nas convocatorias de proxectos pasaron entre o 2007 e 2008 do 21,5% ao 18,7% do total das

(3) Como tais se entende a suma de conceptos que na súa maioría repercuten directamente en persoas ou entidades públicas ou privadas en España ou Galicia e só de xeito indirecto no país da poboación beneficiaria: gastos xerais, persoal en sede ou expatriado, viaxes internacionais, gastos de identificación, avaliación ou auditoría.

subvencións concedidas (e que se reducirá aínda máis coa resolución da convocatoria de programas), ou o impulso á creación de agrupacións entre diversos axentes, ben nas propias convocatorias ou especificamente nos programas de cooperación directa, son algunhas das accións neste eido, que reflicten tamén o esforzo compartido de diversas ONGD e outros axentes por mellorar a súa xestión.

Como tamén o son as derivadas da implantación do obxectivo 4.2., impulsando o seguimento e a avaliación no terreo ben a través das múltiples visitas de coñecemento e seguimento, do traballo continuo das bolseiras e bolseiros (cuxas prazas triplicáronse dende o 2005), a implicación da AECID –e cada vez máis doutras cooperación autónómicas– na avaliación ex-ante e no seguimento ou a contratación de 95 avaliacións ex-post externas.

Escaso coñecemento da sociedade galega da súa cooperación

O Plan Director reconece no seu primeiro obxectivo que non existirá un sólido sistema de axuda se os valores sobre os que descansa semellante política non están ben asentados nas condutas e esixencias da cidadanía. Para isto cómpre promover unha política activa e integral de difusión das desigualdades no mundo e das súas causas, enfocada cara á superación das mesmas, e de sensibilización e comunicación á sociedade galega da necesidade e a realidade da súa cooperación, para lograr un máis sólido enraizamento dos valores e comportamentos solidarios no seu seo e que incentive o sentimento e a necesidade de incremento de fondos dedicados á cooperación.

Esta requisito previo xa non de sensibilización da cidadanía sobre a realidade da pobreza senón simplemente de coñecemento do que se estaba e se está a facer dende Galicia no eido da cooperación internacional, amosouse moito mais prioritario dende o primeiro momento de implantación do Plan.

A constatación de que **o nivel de coñecemento da cooperación era e segue a ser moito máis escaso do agardado** e a complexidade, confusión e estereotipos identificados, motivaron un impulso ás accións de sensibilización, superando a porcentaxe do 4,5% do orzamento total prevista no Plan. En 2006 dedicouse o 6,6% dos fondos e en 2007 o 6,8%, ben sexa a través de ONGD, universidades ou do Fondo Galego de Cooperación ou de xeito directo como xa se recomendaba no propio Plan. Ao mesmo tempo fíxose especial fincapé na formación en áreas como comunicación ou sensibilización, buscando un meirande impacto das accións financiadas.

Este escaso coñecemento da poboación galega da riqueza da cooperación feita dende Galicia ven acompañado dun aspecto máis grave que tamén se ten detectado dende o comezo da xestión, a **desconfianza sobre o bo fin dos fondos** dedicados á cooperación. Unha desconfianza pouco argumentada pero presente en moi diversos sectores da sociedade galega, concienciada coa realidade da pobreza e

desexando implicarse en accións de solidariedade pero receosa ante o bo uso dos fondos. Procesos xudiciais e moi difundidos mediaticamente como os das organizacións Intervida ou Anesvad, empeoraron esta desconfianza.

Xa que logo, a vontade e a **práctica efectiva da transparencia** na difusión dos proxectos financiados pola Xunta de Galicia cos impostos dos galegos e galegas foi visible dende o primeiro día de xestión en múltiples accións:

- Creando a web cooperaciongalega.org.
- Detallando o contido de todos os proxectos financiados incluídos evidentemente convenios, superando en gran medida os requisitos da Lei de Transparencia e dun xeito moi novidoso no conxunto da cooperación oficial española.
- Elaborar xunto á Televisión de Galicia reportaxes sobre proxectos de Perú, Bolivia e Mozambique.
- Boletíns informativos virtuais e físicos.
- Catálogo virtual de materiais educativos enviado a todos os profesores e centros de ensino galegos xunto á Consellería de Educación.
- Exposicións “*Achégate á cooperación galega*” en máis de 75 pobos, cidades e centros comarcais de Galicia xunto a Caixa Galicia, a Deputación de A Coruña ou a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, etcétera.

En 2006 realizáronse un mínimo de 177 accións de comunicación e en 2007 máis de 272.

O resultado deste esforzo compartido con moitos outros axentes do sector, aínda que notable dado o nivel de partida, segue a ser insuficiente. A cooperación galega é cada vez máis coñecida no exterior, e en Galicia conta coa fortaleza de acadar nestes tres anos situarse na axenda informativa como unha realidade galega que existe, que é moi rica e que interesa a cada vez máis cidadáns galegos. Pero o cumprimento efectivo do primeiro obxectivo do Plan Director segue a ser un reto para todo o sector.

Enfoque de xénero

Unha das evidencias máis nidias constatadas empiricamente pero tamén a partir da presenza en terreo é que o feito da implicación da muller en calquera iniciativa de cooperación é garantía de compromiso e éxito.

A pesar de ter, a maior parte das veces, moitos lastres e condicionantes sociais, coma un menor acceso a educación (xa habitualmente insuficiente nos países cos que se traballa), ou unha menor liberdade ou consideración social. Hai moitos anhelos afogados detrás de cada muller empobrecida, moita capacidade, moito valor e un inmenso efecto multiplicador.

Esta constatación non só é evidente en terreo. En Galicia a cooperación está desenvolvida abafadoramente tamén por mulleres, dende o traballo técnico ata o voluntario.

Ben é certo que o recoñecemento deste papel así como o do imprescindible empoderamento da muller aparece recollido indirectamente no sector de **Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno** do Plan e directamente como sector transversal no Plan Director, obrigando incluso de xeito provocativo a que *“a política de cooperación contemple non só o fomento da participación e a dirección real das mulleres nas políticas que executa de facto senón tamén, dende a perspectiva da promoción da igualdade entre mulleres e homes, unha análise e fomento da participación masculina nas accións directas e no traballo diario da cooperación, xa non en tarefas directivas onde segue a ser maioritario”*.

Pero este recoñecemento é claramente insuficiente ante a realidade de que o presente e o **futuro do desenvolvemento ou se fan dende o recoñecemento e o liderado da muller ou non son nin serán factibles. A forza** que se palpa na relación coas mulleres, a capacidade de loita, a responsabilidade e ilusión por saír adiante dun mellor xeito, **é un valor** que a cooperación ten que sumar.

Por este motivo e tamén por un traballo serio, continuo e constructivo de incidencia política dende a sociedade civil galega (comisión específica da Coordinadora de ONGD, investigacións e estudos diversos, consultoras e persoas específicas, etc) estableceuse como prioridade en todos os Plans de Actuación País desenvolvidos, impulsouse drasticamente o enfoque de xénero en todas as convocatorias (duplicando a súa importancia), financiando cursos específicos de formulación e seguimento de proxectos ou realizando identificacións específicas para futuros programas integrais, nos que a muller deixe de ser un grupo vulnerable para converterse en axente do seu propio desenvolvemento e o das súas comunidades. Un exemplo deste programas desenvolverase en Honduras xunto á Organización de Estados Iberoamericanos (OEI) centrada na prevención da violencia de xénero.

Sectores galegos con experiencia de valor para a cooperación

O Obxectivo 5 do Plan Director, animando á procura da implicación e ás sinerxias con institucións, organizacións e persoas non directamente relacionadas coa cooperación pero si con moito que aportar ao desenvolvemento, é sen dúbida o mais inconcreto e aberto. Por un descoñecemento da realidade que se ía atopar en Galicia pero co convencemento de que no seu impulso e cumprimento estariase facendo realidade a ambiciosa Misión do propio Plan, a que di que mediante a cooperación para o desenvolvemento, *“a sociedade galega pon á disposición dos pobos máis pobres do planeta a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos”*.

Indicábase no Plan unha lista non pechada de sectores con potencialidade e oportunidade de implicación: desenvolvemento rural, pesca, medio ambiente, novas tecnoloxías (enerxías alternativas e comunicacións), economía social e o cooperativismo, codesenvolvemento e descentralización política.

A realidade e a grata sorpresa é que a riqueza é o potencial de implicación de sectores produtivos da sociedade galega en accións de cooperación é extraordinariamente superior ao que se prevía cando se aprobou o Plan, converténdose ademais de na principal fortaleza para constituír un sistema de cooperación galego centrado e que peche o ciclo co proxecto na nosa comunidade no reto máis importante que teñen de afrontar todos os actores galegos do sistema galego de cooperación para convertelo, en liña co proposto polo novo Plan Director da Cooperación Española 2009 a 2012, nun sistema galego de desenvolvemento.

- 75 departamentos ou persoas identificadas nas tres universidades galegas que están realizando accións de cooperación e con recoñecemento internacional.

- Empresas galegas con investimentos e presenza en países prioritarios e con potencial para acceder a fondos de cooperación multilaterais, creando xa ou con potencial de creación de sinerxías de desenvolvemento.

- Entidades, consultoras e pequenas empresas especializadas en eidos como as enerxías renovables, auga potable, medio ambiente, lácteo, desenvolvemento forestal, industria madeireira, etcétera.

- Implicación real ou potencial das Consellerías e organismos da Xunta de Galicia en programas de desenvolvemento, mediante accións propias de departamentos ou conxuntas ou mediante a achega de persoal técnico. Practicamente todas as consellerías da Xunta de Galicia veñen de participar ou de realizar algunha acción relacionada coa cooperación ao desenvolvemento ou o comercio xusto, asesorando en moitos casos a labor das accións desenvolvidas dende a Dirección Xeral de Cooperación.

- Entidades ou organizacións sociais galegas con potencial ou interese para traballar en accións de desenvolvemento: discapacidade, medio ambiente, reinserción laboral, atención e prevención drogodependencias, asociacións e colexios profesionais, atención inmigrantes, sanidade, etcétera.

Como se dixo anteriormente a acción máis recoñecible destes anos de implantación do Plan foi sacar á luz todas entidades, institucións e persoas xa non con potencial de implicación senón sobre todo coa vontade e a xusta reclamación para facelo.

O cumprimento específico deste obxectivo está asociado á potenciación antes do previsto de mecanismos e accións de cooperación directa, nos que a Xunta de Galicia leva a iniciativa da súa identificación e coordinación, mediante programas de desenvolvemento integral que teñan como criterios previos os establecidos no Plan Director ou na propia Declaración de París e que permitan a implicación efectiva do máximo número posible de persoas, axentes de cooperación e institucións públicas, tanto en Galicia como nos países receptores da nosa cooperación.

O descubrimento deste “tesouro” leva tamén implícito a potenciación en todas as convocatorias do fomento da colaboración entre distintos axentes. Esta opción non foi efectiva xa que foron poucas as agrupacións ou consorcios entre distin-

tos axentes desenvolvidas o que obriga a unha reflexión sobre a necesidade da súa mellora ou cambio.

A unión da ambición propia do Plan Director con estes catro factores e o convencemento, expresado polo propio presidente da Xunta de Galicia na presentación do Plan, de que estábamos ante unha etapa e unha oportunidade única para crear un sistema de cooperación galego integrado e esixente, obrigou a unha aceleración drástica na velocidade de implantación de todas as ferramentas e accións previstas.

A esta actividade case frenética, uniuse a reclamación urxente dunha autocrítica de todos os actores para reformar e impulsar de xeito efectivo e non so teórico unha cooperación baseada en principios de autoesixencia, apropiación, austeridade, xestión por obxectivos, coordinación e rendición de contas aos cidadáns galegos ou dos países destinatarios, como non podía ser menos nun goberno elixido para reformar dinámicas políticas e de xestión tradicionais e pouco efectivas. Sendo conscientes das tensións creadas ocasionalmente no sector, da sensación de impaciencia transmitida en ocasións pola menor velocidade de adaptación e mellora dos actores sen recoñecer o esforzo de moitos deles, ou da práctica irrenunciable a conceder subvencións en base a criterios estritos de concorrencia, mérito e igualdade de trato.

Pero o principal resultado deste proceso, como así está a ser recoñecido por institucións de cooperación en terreo e no resto do Estado, é que tres anos despois da aprobación do Plan Director, a cooperación galega conta cunha estrutura de medios, axentes e instrumentos con capacidade para asumir actuacións e programas equivalentes aos de calquera outra cooperación descentralizada e sobre todo co potencial para acceder a novas actuacións de impacto moi superior, co acompañamento de actores multilaterais.

Este resultado ven acompañado ou como consecuencia de avances dando un elevado cumprimento aos obxectivos do Plan. Avances que son a suma de moitas accións desenvolvidas e que están detalladas nas memorias ou na propia web da Cooperación Galega, pero dos que se poden enumerar os máis importantes.

- **Fortalecemento sostido dos axentes**, especialmente das ONGD, da Coordinadora Galega de ONGD, do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e das iniciativas de formación, investigación e cooperación das tres universidades galegas. Mantendo en todos os casos o respecto da autonomía da entidade fortalecida pero a esixencia continua de asegurar a máxima eficiencia dos fondos investidos.

- **Fortalecemento da Dirección Xeral de Cooperación**, tanto coa incorporación de persoal funcionario como en menor medida de persoal técnico.

- **Fortalecemento da Axencia Humanitaria de Galicia** a partir de 2008, con planificación de actividades centradas na axuda de emerxencia e na de prevención de riscos e redución da vulnerabilidade das persoas, especialmente na loita contra o VIH SIDA ou polo acceso á auga potable.

- **Elaboración e cumprimento de estratexias** para os países prioritarios da cooperación galega:

- Concentración de recursos. En 2006, o 88% dedicáronse aos 17 países prioritarios. En 2007, esta porcentaxe reduciuse ata o 81,4%. Por enriba do máximo do 70% establecido no Plan Director.

- Apoio a países máis pobres. En 2008 superouse o 20% dos fondos de cooperación en Países Menos Avanzados, tras un 17,9 % en 2006 e un 19,8% en 2007.

- Elaboración e aprobación de 9 Plans de Actuación País (PAPs) e preparación dos de Senegal e Ecuador. Concentrando recursos en sectores e áreas xeográficas específicas de acordo coa política dos países destinatarios e a coordinación con outras entidades de cooperación.

- Desenvolvemento sostido de actuacións para o **seguimento continuo e a avaliación** ex-ante e ex-post das actuacións en terreo.

- Potenciación de **iniciativas de formación** tanto directa (Plan “coopera, fórmate” xunto a Caixa Galicia para formulación de proxectos de cooperación e sensibilización, e inclusión en procesos de acompañamento individualizados para a mellora da calidade) como apoiando a terceiros (Máster Cooperación USC, Curso de Especialización UDC, etcétera).

- **Incremento de bolsas de formación** tanto no exterior (nas oficinas técnicas da AECID ou en axencias multilaterais como FAO, UNIFEM ou OEI) como na propia Dirección Xeral de Cooperación Exterior. De 4 a 14 entre o 2006 e a actualidade. A alta cualificación e formación das bolsaeiras e bolsaeiros é sen dúbida unha das fortalezas da cooperación galega, como así demostra o elevado porcentaxe que continúa en labores de cooperación.

- **Adaptación da nova Lei Galega de Subvencións**, anticipándose en máis dun ano á reforma pretendida pola AECID e á gran maioría das comunidades autónomas, incorporando as principais reclamacións históricas do sector e reducindo notablemente a burocracia na xustificación de proxectos: eliminación de avais bancarios, anticipos do 100% da anualidade, substitución de facturas compulsadas por informes de auditoría, etc.

- **Deseño de novos instrumentos a curto, medio e longo prazo** para a execución de iniciativas por parte dos diversos axentes e adaptando a tradicional convocatoria de proxectos (intervencións de 1-2 anos ata 175.000 euros por acción): Microproxectos (de duración inferior a un ano e cun máximo de 25.000 euros por acción) e Programas (intervencións a 3-4 anos e ata un millón de euros), acompañando neste caso dun proceso de certificación da solvencia e capacidade da entidade solicitante.

- **Normalización e harmonización** de formularios, conceptos orzamentarios e informes de seguimento e finais cos da AECID. Implantación de formulario homologado cos das convocatorias para os convenios de financiamento.

- **Potenciación da cooperación directa**, como xa se comentou anteriormente. En 2008 estaban en marcha 27 iniciativas. As principais son 4 **programas de desenvolvemento integral** (PDI):

- **República Dominicana. PDI La Mosca-Cienfuegos. Santiago de los Caballeros.** Xunto co concello de Santiago de los Caballeros e o apoio técnico de Solidariedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), así como coa participación de entidades galegas (Asemblea de Cooperación pola Paz) e dominicanas (Jacarafe, Fundación Solidariedade, Cámara de Comercio e Fundelosa).

- **Guatemala. PDI Oxlajuj Tz'ikin (Champerico e Retalhuleu).** Xunto coas Municipalidades de Retalhuleu e Champerico, as ONGD galegas (Solidariedade Internacional, ACSUR-As Segovias, Arquitectos sen Fronteiras, Farmamundi e Educación sen Fronteiras), e oito organizacións sociais guatemaltecas.

- **Centroamérica** (Belice, Guatemala, Honduras, O Salvador, Nicaragua, Costa Rica e Panamá). **Programa de Formación para a Pesca Artesanal.** No marco do Plan rexional de Apoio á Pesca en Centroamérica, xunto a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) os gobernos locais e a Organización Pesqueira e Acuícola do Istmo Centroamericano (OSPESCA), integrada polos ministros, viceministros e directores de pesca e acuicultura da zona. A **Dirección Xeral de Cooperación Exterior coordina e financia a rama de formación**, contando co apoio técnico do Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR).

- **Perú. PDI Chiriaco, Amazonas.** Xunto co Plan Binacional Perú-Ecuador, os gobernos rexionais e locais implicados e diversos actores peruanos como a congregación das Siervas de San José, Taller de Solidaridad, Entreculturas, ou as ONGD locais Flora Tristán e Servicio Agropecuario para la Investigación y Promoción Económica (SAIPE).

• **En fase de identificación** están novos programas en Mozambique (saneamento e auga potable), Honduras (violencia de xénero), Brasil (educación social), Haití (desenvolvemento pesqueiro) e Bolivia (descentralización política). Asemade, en colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, estanse a dar os primeiros pasos para o deseño dun primeiro **proxecto piloto en materia de codesenvolvemento**, concretamente coas comunidades senegalesas afincadas en Galicia.

• **Fomento do comercio xusto.** Elaborando unha Diagnose estratéxica e participativa do comercio xusto en Galicia e poñendo en marcha a comisión de traballo específica na que están representados todos aqueles actores que, dalgún xeito, están ou poderían estar relacionados coa implantación do comercio xusto en Galicia. En paralelo se deron os primeiros pasos para fomentar a compra pública ética na administración pública galega.

Estes avances supoñen tamén retos importantes á cooperación galega. Algúns como a implantación do enfoque de xénero ou o desenvolvemento da cooperación directa inclusiva, xa foron comentados anteriormente pero outros son igualmente importantes e se están enfrontando xa:

• Creación da Axencia Galega de Cooperación (como recomenda a Lei Galega de Cooperación aínda que non o Plan Director) e o fortalecemento do equipo técnico da Xunta de Galicia.

- Potenciación de espazos e medios para o traballo conxunto entre diversos actores.
- Reflexión conxunta co sector sobre como seguir avanzando no esforzo de aumentar a eficiencia da axuda e a optimización de recursos.
- Construción de alianzas público privadas en accións de desenvolvemento, implicando a empresas galegas no exercicio de políticas de Responsabilidade Social Corporativa.
- Incorporación definitiva de concellos e deputacións galegas en accións estables de desenvolvemento.
- Homologación e harmonización de convocatorias, conceptos e límites financiáveis, redución custos de avaliación, información compartida, etc, co resto de administracións autonómicas.
- Acceso e colaboración con Axencias Multilaterais na realización de programas nos que se impliquen actores galegos.

O volume de recursos dedicados téñense duplicado respecto ao que se dedicaba no 2005 ata acadar o 0,12% dos orzamentos totais da Xunta de Galicia. Non se cumprirá o requisito establecido no Plan Director de dedicar o 0,4% pero o compromiso de incremento orzamentario, aínda nun contexto de crise económica ten sido constante en liña co apoio ao resto de políticas sociais.

É evidente que outro reto prioritario, aínda que non o principal, é que este compromiso de incremento sostido siga en futuras lexislaturas pero asociado de xeito imprescindible á continuación da mellora da calidade, a austeridade, a xestión compartida e da eficiencia. A constatación en terreo do efecto panca dos orzamentos da Cooperación Galega e de que cando se cumpren estes criterios, pódese acceder aos enormes volumes de recursos para a cooperación existentes en todo tipo de institucións multilaterais ou da Unión Europea e o convencemento de que moitos actores galegos contan con capacidade, honestidade e profesionalidade dabondo para asumir a súa xestión, é unha fortaleza da cooperación galega pero tamén é un dos principais retos aos que se enfronta no seu conxunto.

O reto principal para todos e cada un dos axentes e persoas do sector segue a ser o que establece a misión do Plan Director: *sumarse aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas, promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento integral, humano e sostible.*

Porque a pobreza é o resultado das desigualdades no acceso aos recursos, da explotación dos pobos e da súa exclusión na toma das decisións que os afectan. As causas e os causantes son perfectamente coñecidos e estudados, como son perfectamente coñecidos e estudados os defectos que provocan que unha política de cooperación non contribúa a unha política de desenvolvemento efectiva.

Quizais chegou o intre de rebelarse con máis feitos e menos palabras. De centrar a cooperación non tanto nos pobres e máis nos procesos que levan ao seu empobrecemento. De superar a visión da necesidade de cooperar dende unha perspectiva emocional, a unha perspectiva máis racional. De entender a cooperación

como a quere entender o Plan Director, coma política pública, pero tamén coma camiño, non coma solución. Un camiño no que principios como os de apropiación, aliñamento, harmonización, xestión orientada a resultados e responsabilidade mutua teñen que deixar de ser unha fermosa teoría para seren requisitos compartidos previos, *sine qua non*, en calquera actuación.

Fabiola Sotelo Sotelo é directora xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia.